

Tribunal cualificador do proceso selectivo para acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, convocado por Resolución Reitoral do 15 de xullo de 2021 (DOG do 29 de xullo).

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar da Universidade de Santiago de Compostela, na súa sesión celebrada o día **13 de setembro de 2022**, en relación co terceiro exercicio, ACORDOU O SEGUINTE:

PRIMEIRO: Este exercicio, segundo a convocatoria, cualificarase de 0 a 30 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos. O Tribunal acordou fixar o número de respostas correctas para obter 15 puntos e superar o exercicio en **10 respostas correctas netas, unha vez descontada a penalización prevista na convocatoria correspondente ás respostas incorrectas**. Lémbrese que segundo a Convocatoria este exercicio consistirá *“na realización dun suposto práctico elixido entre tres propostos polo tribunal correspondentes aos temas de recursos humanos, xestión económica e xestión académica que figuran no programa. O suposto estará desagregado en 20 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas das que só unha será a correcta”*

SEGUNDO: As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinala máis dunha resposta ou non se poida distinguir como correcta a sinalada na folia de respostas en poder do Tribunal, non computan.

TERCEIRO: Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberán vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir).
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de **lapis do número 2 e goma de borrar**.
- **Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.**
- A entrada á proba será de acordo coa orde de chamamento, que se iniciará a partir das **10 horas**.

CUARTO: O Tribunal acorda informar que se publicarán no Taboleiro Electrónico e na Páxina web do Servizo de Planificación e Programación de PAS da Universidade a distribución das persoas aspirantes por aulas con antelación á data da celebración do exercicio.

Lémbrese aos e ás aspirantes que o tempo máximo de duración do exercicio será de 90 minutos dende que o Tribunal indique o seu inicio, agás para aquelas persoas que teñan concedida algunha adaptación que supoña ampliación do tempo establecido.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A presidenta do Tribunal
Carmen Martí Fernández

Taboleiro Electrónico da USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA DEL CARMEN MARTÍ FERNÁNDEZ, NIF ***4436**, 14/09/2022 14:43:56.

CSV: 2158-DCEB-46B8-9401